I

Nicolina cosía no balcón, apurando a dar as últimas puntadas no pálido luscofusco. A vista que ofrecía o alto balcón era cerrada, case abafante, entre o calello, que a esas horas semellaba fondo e tenebroso como un pozo baleiro, e a grande extensión de tellados encarnados e cubertos de verdello sobre os que pesaba un ceo baixo e descolorido. Nicolina cosía rápido, sen alzar a vista: sentía a monotonía da limitada paisaxe como se a respirase co aire. Entretíñase, sen pretendelo, en pensar na casa de Sant'Àgata; volvía ver o balconciño coa varanda enferruxada, aberto de par en par sobre os campos, baixo o ceo libre que semellaba mesturar as nubes co mar, ao lonxe, moi lonxe.

Ese era para Nicolina o momento máis sosegado, pero tamén o máis morriñento, da xeira. As tarefas domésticas xa as despachara todas. Tanto na casa como no aire e no espírito impúñase unha pausa, un silencio aflixido. Parecía entón que os pensamentos, os remorsos e as esperanzas se esvaecían na mesma luz imprecisa que clarexaba o ceo. E ninguén interrompía os soliloquios vagos e inconclusos.

Antonietta estaba no cuarto ao pé da cama de Alessio, que levaba seis días con febre. O cuñado, polo xeral, quedaba sentado á mesa, que Nicolina xa recollera. No comedor medio ás escuras distinguíase, como un puntiño vermello, a brasa da

longa cachimba. Despois da cea —e ceaban mentres aínda era día para non iren para a cama co estómago cheo—, entornaba os ollos e fumaba con placidez durante unha hora exacta (o péndulo oscilaba no medio da parede).

Anoitecía e xa fuxiran as derradeiras luces. Nicolina deixou quedar o labor enriba da cestiña e ergueuse un pouco de mal grado. Tiña que ir preparar o vaso de limoada que, dúas horas despois da cea, o cuñado saboreaba amodiño. Antonietta, que só pensaba no enfermo, non se ía ocupar diso.

Espremeu algo menos de medio limón na auga, coidando de que co zume non caese ningunha pebida, engadiu o viño necesario para tinguir a auga, diluíu unha culleriña escasa de azucre, remexeu e deixou repousar. Despois observou o vaso a contraluz para asegurarse de que a bebida estivese transparente de todo, tal como a preparaba Antonietta. Por último, levou o vaso sobre un prato, amodiño.

Volveu saír ao balcón, pero o cuñado chamouna logo.

—Quéreste pór mala ti tamén? Vai relento aí fóra.

Nicolina quedou coa gana de explicarlle que notaba o aire insolitamente morno, pero volveu entrar sen replicarlle.

—Fecha.

Cun suspiro, entornou o balcón.

—Fecha ben.

Fechou tamén as contras sen facer barullo.

Lembraba o pai, que non quería que trancasen as fiestras. Dicía: «O camiñante canso que entra de noite na aldea sente alivio se ve algunha luz nas casas...».

Sentou á mesa e volveu coller o labor, tratando de non molestar o cuñado ao tirar do fío coa man. Carmelina arrastrou os xoguetes para xunta a tía e púxose a arrolar unha bonequiña feita con dous farrapos e un anaco de breimante, mentres cantaruxaba:

—Durme... Durme...

Porén, interrompeuse de socato e, mirando con cara de susto o pai, calou. Entón veu Antonietta, macilenta e preocupada, e sentou ela tamén.

—Fixeches ben en ocuparte da limoada —díxolle á irmá ao ouvido.

—É que como non viñas...

—Estando ti, non había fallo. —Despois, tamén con voz queda e acariciándolle a cabeza á cativa, engadiu—: Non che parece que vai sendo hora de deitarse? Eu teño que volver aí.

—Remato o que estou a coser e xa vou.

Calaron as dúas. Polo xeral, se don Lucio estaba na casa, procuraban non falar mentres traballaban para non incomodalo.

Antonietta, que translucía un triste desacougo en todo o seu ser, rompeu por dúas veces o silencio pesado con dous salaios fondos. As dúas veces alzou Nicolina a vista do labor e dirixiulle unha mirada de angustia.

Don Lucio saboreaba a cachimba cunha satisfacción case voluptuosa. Cos ollos entornados, seguía cada pequeno xesto das dúas irmás. Ambas reflectían na expresión e no xeito de moverse e mirarse o mesmo azoramento e a mesma torpeza, consecuencia do continuo e misterioso temor a causarlle

molestias. El experimentaba unha compracencia renovada cada vez que se decataba do moito que cohibía as súas mulleres, en especial a Nicolina, quen, ao principio, mostrara unha vivacidade case impetuosa e desagradable.

Nicolina ergueuse e Carmelina, despois de bicar ás présas a man dura e fría que o pai, sen deixar de fumar, lle alongaba cada noite, seguiuna.

—Tráeme os papeis e as lentes.

Antonietta levoulle á mesa a carteira inchada dos documentos e a caixiña coas plumas e o tinteiro, que estaban dispostos e ben ordenados nun pequeno andel xunto ao balcón. Don Lucio miraba compracido a muller, que foi e veu dúas veces. Mentres lle admiraba os movementos flexibles das coxas fortes e cheas, sentíase tan satisfeito de si como cada vez que se detiña a contemplar os mobles custosos cos que embelecera a casa.

Nicolina volveu e dixo:

—Entrei a botarlle un ollo a Alessio. Dorme pero quéixase.

Antonietta dirixiulle unha mirada de súplica ao home. Saíu e volveu deseguida na punta dos pés.

—Lucio! —chamou con timidez, desde o van da porta, coa voz alagada de bágoas—. Para min que está peor.

El finxiu que se irritaba:

—Collícheslle gusto a torturarme? —berrou—. A amolarme os poucos minutos de descanso despois dunha xeira de fatigas?

Antonietta volveu ao dormitorio, humillada e dorida. Nunca lle facía caso cando lle manifestaba os seus temores!

—A culpa é miña —confesoulle á irmá—. Fáltame man esquerda para explicar as cousas...

—Queres que lle fale eu?

—Non, non se adianta nada. Esta noite está furioso. Vaite, Nicolina. Aínda vai parecer que andamos a confabular aquí entre nós. Non convén.

Esa noite, no entanto, o humor de don Lucio estaba predisposto á paz. Ceara con bo apetito, facía a dixestión sen problemas, sentíase satisfeito. O que pasaba era que lle molestaba ouvir aí as mulleres a choromicar...

Por fin, ergueuse e entrou no dormitorio, mentres Nicolina, que retomara o labor, palidecía, asustada.

A muller, sentada xunto á cama, en penumbra, no abandono doloroso de todo o seu ser, parecía case fermosa. Don Lucio sentiu desexos de abrazala. Xa se figuraba entre os brazos enxoitos o corpo morno e brando da muller ao abandonarse con docilidade á súa aperta. A ela, non obstante, nese momento non lle pasaba pola cabeza ser dócil. Todo o seu espírito estaba absorto no fillo enfermo.

Don Lucio mirou para a cama con certa repugnancia. Ese rapaz, desde que nacera, non lles procurara máis que molestias a el e preocupacións ás mulleres.

—Parviña! —exclamou con insólita mansedume na voz—. A ti paréceche que estea para morrer o teu fillo?

Antonietta sobresaltouse ao que ouviu a voz do home, pero, logo, véndoo sorrir, atreveuse incluso a explicarse.

—Ata a auga ma devolve... E mira, toca aquí, vas ver como abrasa...

—Nótase ben que che falta experiencia! —replicou don Lucio sen mirar sequera para o pequeno enfermo—. Se estivese aquí a túa nai, diríache que es parva. Os rapaces son como os días de primavera...

Antonietta serenouse un pouco. Xa só a presenza do home, se ben a intimidaba poderosamente, abondaba para que lle parecesen pequenas e infundadas todas as súas aprehensións.

O consolo durou nada máis mentres durou a presenza de don Lucio. Cando quedou de novo a soas no dormitorio en penumbra, volveu ser presa dos temores. O rapaz semellaba durmir; a súa cariña fina, branca como a cera, asustábaa. Fitábao aflixida, como se confiase en transfundirlle vitalidade coa mirada.

—Alessio, meu rei... Alessiuccio... —chamou quedo por verlle reabrir os ollos. No entanto, pensou logo que o descanso lle había facer ben e volveu contemplalo en silencio. Con toda a alma no ollar fixo e espantado, esquecía o marido, a filla, o tarde que era. Se a casa se derrubase ao seu redor, seguiría a contemplar o fillo enfermo sen inmutarse. Ninguén se preocupaba do pequeno, que semellaba durmir mais non descansaba e sufría. Podería irse así, nese enorme silencio, mentres o home continuaba a encher de cifras as follas de papel cos lindos trazos vermellos e azuis... Que faría, que diría, se o chamase gritando «Lucio! Alessiuccio morreu!»?

Queríalle ben Lucio a Alessio ? Como non! Como non lle ía querer ben, sendo o primeiro fillo, o varón...? Como non! Só que abondaba a sombra da dúbida que lle pasaba pola mente como o voo dun vagalume na noite para redobrar o seu amor de nai.

A verdade, Alessio, desde que nacera, non dera máis que angustias. Feble, delicado, tranquilo, era como se camiñase polo mundo axexado pola morte.

Quen dixera esas palabras escuras, que xusto agora, cando estaba tan maliño, lle volvían aos ouvidos? Si, dixéranas polo seu Alessiuccio... Ela déralle a vida máis dunha vez e coa mesma dor. «Meu Deus! Meu Deus!», xemeu. «Serei quen de facer del un rapaz forte, alegre e algareiro como os outros?».

O home volveu cunha candea na man.

—Aínda non te deitaches? —fungou.

—Aquí me tes —contestou Antonietta. Deseguida pregoulle—: Non lle poñas toda a luz nos ollos...

Espiuse e deitouse, por obediencia, pero esforzouse en non adormecer. Á medianoite ergueuse para darlle de beber ao fillo; outras dúas veces para pórlle o termómetro.

—Mamá! —laiábase o enfermo ao vela—. Aínda non abriu o día?

Erguíase amodo e camiñaba descalza para non espertar o home. Don Lucio espertaba igual e pola mañá díxolle:

—Mentres non se recupere —e sinalou coa man a cama do enfermo—, durmo eu aí. Non podo perder así as noites.

Antonietta abaixou a vista, mortificada. Razón non lle faltaba. A un home que traballa coa cabeza cómpre tratalo con consideración, que non pode sacrificar o sono como unha simple muller.

Emporiso, non deu contido as bágoas cando don Lucio saíu do dormitorio para ir tomar o café. Notou moito frío,

como se quedase soa e abandonada para sempre nese cuarto medio ás escuras co ambiente cargado do triste gafume da febre.

Nicolina chamaba por ela. Deixou a cama do enfermo para non irritar aínda máis o home facéndose agardar.

A rapariga erguérase moi cedo e, unha vez preparado o café, limpara e arrombara o salón, pois, se cadra polo papel escuro das paredes e por dar ao calello, non lle entraba a luz ata moi tarde. A roupa do cuñado, xa cepillada e dobrada, deixáraa disposta no sofá e os zapatos, ben lustrados, colocáraos sobre o repousapés para que non se tivese que agachar a collelos. Da cociña viña un recendo forte e agradable a café acabado de facer.

Antonietta enviou o café dun grolo e, ao que viu a irmá pasar veloz cunha toalla inmaculada nas mans, rogoulle:

—Volvo con Alessio. Ocúpate ti do almorzo, Nicoli...

Nicolina non respondeu. Como sabía que a irmá non tiña a cabeza para as angueiras da casa, deixárao todo listo xa a noite anterior. Don Lucio lavábase na cociña, fretando co xabón de olor os brazos enxoitos e peludos e as meixelas barbeadas, e enxaugándose ben .

Nicolina agardou, submisa, para darlle a toalla, vencendo a impresión tan desagradable que lle inspiraba a visión deses brazos nus de home. Levoulle despois o cepillo de dentes. Por último recordou que Antonietta o peiteaba.

Don Lucio sentou diante do balcón fechado cunha toalla seca arredor do pescozo.

—A ver se o fas ben.

Este libro entrou no prelo
o 21 de xullo de 2025